

## THOMAS HOBBS, LEVIATÁN. CAPT.13

### (DESCRIPCIÓN ESTADO DE NATUREZA)

- No **estado de natureza** apenas existen diferenzas entre os homes. Trátase dunha **igualdade natural** nas súas capacidades físicas e psíquicas. Esta igualdade nas capacidades dos individuos, leva a que aspiren a lograr uns mesmos **fins** ou obxectivos: a **autoconservación** e a **vida confortable**. Profundizo nesta idea: o estado de natureza caracterízase pola igualdade (natural) dos individuos nas súas capacidades psíquicas e físicas; isto é, non hai individuos máis fortes que outros ou máis intelixentes que outros. Como sinala o propio autor do *Leviatán*: tomadas conxuntamente as capacidades dos homes, somos máis semellantes que desiguais. Precisamente, como todos os individuos posúen idéntica forza e intelixencia (poder natural), acontece a **guerra total** (*omnium bellum contra omnes*).
- Profundicemos nesta descripción pomenorizada da **natureza humana** tal e como se observa (precisamente) no **estado de natureza**: sendo os individuos practicamente iguais nas súas capacidades físicas e psíquicas, aspiran a alcanzar as mesmas **metas** na vida, principalmente, a súa **supervivencia** e unha **vida pracenteira e cómoda**. Pero, como a **natureza humana** é esencialmente **individualista** e **egoísta**, rivalizan e compiten entre eles por obter estes obxectivos. Finalmente, esta **desconfianza** hacia os demais e a **rivalidade competitiva** conducen a un estado xeralizado de **destrucción total**. Esta sería *grosso modo* a caracterización de cómo é a natureza humana (no texto, *condición natural do ser humano*, que quedaría crudamente visible no estado de natureza). Para saír do estado de natureza, os individuos contan con algunhas paixóns que lles son favorables (medo e esperanza) e coa súa razón.
- Hobbes indaga na función que xogan a **razón** e as **paixóns** na política. Despréndese do capítulo 13 do *Leviatán* unha clara imaxe do ser humano como un ser pulsional; a maior parte das **paixóns humanas** conducen ao desastre da guerra, pero hai dúas que contribúen á lograr a paz: o **medo** (fear) e a **esperanza** (hope). Evidentemente, non se trata de paixóns altruístas, senón egoístas e individualistas, pero que aportan un beneficio ao conxunto.
- O ser humano non só é un ser de paixóns, senón que tamén posúe uso de **razón**. A capacidade racional humana leva a que os individuos poidan chegar a **acordos** entre eles. Eses acordos frotifican no establecemento das **leis de natureza**. Trátase dunha racionalidade que opera en termos de ganancias e perdas, de beneficios e perxuízos (obviamente, unha traslación da racionalidade mercantilista burguesa á natureza humana e á política). Continuando coas leis de natureza: reciben ese nome porque foron creadas estando todavía os individuos no estado de natureza. A pregunta pertinente é: ¿resultan suficientes para garantir a **paz** e a **seguridade** dos individuos?
- No *Leviatán* hai unha especie de *moraleja*, a saber, as leis de natureza por si soas non abundan para garantir a seguridade dos individuos. Hobbes considera que esas normas de paz non son suficientes. De feito,

esas normas do estado de natureza (leis de natureza) non logran evitar a guerra de todos contra todos.

- *Moraleja*: para evitar o enfrontamento de todos contra todos faise necesario concentrar todo o poder (natural) dos individuos nunhas únicas mans. Deste xeito, Hobbes lexitimará a instauración, mediante un **pacto voluntario**, do **Estado autoritario**, unha **monarquía absolutista**. En resume, Hobbes tratará de lexitimar no *Leviatán* a necesidade dun Estado absolutista para poñer coto a esta díscola natureza humana.
- Aclaración final: Evidentemente, segundo Hobbes, o **estado de natureza** (esa situación na que vivían hipoteticamente os homes antes da creación do Estado) é un **estado de guerra** de todos contra todos. Así discurría supostamente a vida humana nos comezos da humanidade, en opinión de Hobbes. En tal guerra non cabe considerar inxusto a un individuo por recurrir a todos os medios ao seu alcance (astucia e forza, os seus poderes naturais) para protexerse dos demais individuos. Como di Hobbes no propio texto, en ese estado de guerra non cabe falar de xustiza e inxustiza: ¿actúa mal un individuo por enganar a outro para protexerse?, ¿actúa inxustamente se se anticipa á violencia que poden exercer outros sobre el, se utiliza a forza física para atacar antes de ser atacado? Polos mesmos argumentos, tampouco cabe considerar esta forma de actuar como irracional: ¿acaso non resulta racional recurrir á astucia ou á violencia para defenderse dos demais? Por outra parte, non hai moralidade que guíe a súa conducta, tan só o crudo interese por preservar a súa vida. Como dí o autor no propio texto: a **xustiza** e a **inxustiza** nacen coa instauración dun **poder común superior**; con anterioridade a ese feito da creación (erección) do **poder político** non ten sentido falar de inxustiza e nin tan sequera de inmoralidade.